



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa as proposta de mellora contidas na memoria da fiscalía relativas a combater a sinistralidade laboral na súa vertente penal.

### Exposición de Motivos

A estatística recollida na memoria da fiscalía ao respecto dos procedementos penais incoados relativos a área de sinistralidade laboral non poden deixarnos indiferentes. Semella intolerable a perda de vidas humanas e as lesións e enfermidades derivadas que teñen como causa a vulneración das normas que protexen o desempeño das súas tarefas polas traballadoras e traballadores. Non pode valer todo para que o capital acuíne moeda tinguida de sangue coa complicidade dos gobernos do PP.

A comparativa entre 2013-2012 marca un acusado descenso das infraccións penais (de 3.802 a 1.503 delitos e faltas) en materia de sinistralidade laboral, nas que porcentualmente gañan peso os delitos. Dos delitos por homicidio por accidente laboral se pasa de 15 a 14 causas.

Entre as dificultades que sinalan as conclusións da memoria cabe subliñar:

- A tramitación farragosa e lenta derivada da realización de probas complexas e dun procedemento xudicial lento e tortuoso. Circunstancia que se agrava nas localidades onde se misturan as xurisdicións civil e penal.
- A peculiaridade propia para concretar autoría e participación cando nos atopamos diante de labirintos organizativos empresariais, cadenas de subcontratación, falsos autónomos, etc.

- Variedade de normativas laborais e administrativas.
- Defectos na coordinación varios.

Unha sociedade democrática ten que extremar as medidas para protexer a vida das traballadoras e traballadores, non desentenderse dos riscos aos que están sometidos nunha formación económica e social onde a esixencia de beneficios empresariais anteponse a calquera outra consideración coa obediencia debida dos gobernos do réxime.

Polo antedito, o grupo parlamentario da AGE achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a realizar as xestións oportunas para a ampliación dos cadros de persoal da oficina fiscal.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que inste a creación de órganos xudiciais especializados en materia de sinistralidade laboral e a que estes delitos reciban unha tramitación preferente a causa da súa repercusión social.

En Compostela, a 15 de decembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 15/12/2015 14:30:14**